

As familias estarán informadas de todo o proceso mediante a páxina web do Centro e a aplicación Abalar móbil Poderanse utilizar ademais da aula virtual, outras ferramentas dixitais, tales como páxinas web do profesorado, Youtube, servicios de Google como o correo gmail, etc, aínda que a aula virtual do Centro será o referente no ensino presencial

ENSINO SEMIPRESENCIAL

Neste caso, teremos un sistema mixto, posto que en principio, o alumnado asistirá a clase en días alternos da semana, respectando as normas de seguridade que lle foron explicadas ao principio de curso. Loxicamente, darase información máis pormenorizada, tanto ao alumnado como as familias na páxina web do Centro e na aula virtual. Utilizaremos principalmente a aula virtual do Centro, así como outras ferramentas dixitais. No que respecta aos días de ensino presenciais dedicáronos a explicar contidos teóricos, resolver dúbidas, probas, etc, e nos días non presenciais seguiremos un esquema similar ao establecido no apartado anterior de ensino non presencial.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para impartir a materia utilizaremos a aula de informática que ten 21 ordenadores. Usaranse como recursos didácticos páxinas web, como a do profesor: (<https://sites.google.com/site/xmlareo>) ademais de blogs, almacenamento na nube como Google Drive, etc, aínda que será a aula virtual do Centro o referente para impartir a materia

9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Establecerase a seguinte proporción xeral para cada un dos apartados xerais dos contidos da materia:

- A) Exames e probas obxectivas 30%
- B) Traballos, prácticas e actividades realizadas, etc 60%
- C) Entrega e prazo de entrega das tarefas asignadas, actitude cara a materia (participación, interese, traballos voluntarios, etc) 10%

No caso que nalgún trimestre non se levaran a cabo probas e exames correspondentes ao apartado A), a porcentaxe correspondente pasara a sumar á do apartado B)

AVALIACIÓN INICIAL

- **Data prevista de realización:** Realizarase a finais de setembro
- **Proba** (proba tipo test, preguntas e respostas relacionados cos estándares, preguntas en clase, etc.)
- **Descrición do tipo de proba:** Relacionada cos contidos básicos da materia
- **Mecanismo para informar ás familias:** As familias serán informadas dos resultados nas horas de titoría.
- **Consecuencias dos resultados da proba:** A proba axudará ao/á profesor/a a determinar o nivel de partida do grupo e a detectar necesidades específicas no alumnado.

AVALIACIÓN CONTINUA (1º, 2º e 3º AVALIACIÓN PARCIAIS)

- **En cada avaliación**
 - Para determinar a nota final en cada avaliación, realizarase a media segundo a proporción arriba indicada, e será a suma de A, B e C, e consecuentemente para superar a avaliación esta suma ten que ser maior ou igual a 5. A non entrega de traballos das actividades obrigatorias acarreará unha nota de 0 puntos nese apartado. O peso de cada nota individual nos diferentes apartados gardará relación co número de sesións invertidas no traballo da materia, polo que sobre todo na primeira avaliación, as porcentaxes iniciais poden variar, dándolle máis peso a nota B.
 - A materia quedaría aprobada se @alumn@ ten as tres avaliacións aprobadas. Tamén o alumnado pode aprobar en xuño antes da avaliación final, se tendo en conta as recuperacións feitas, ou lle quedara unha avaliación suspensa, pero sempre e cando a nota desa avaliación ou das probas de recuperación de dita avaliación sexa como mínimo un 4 e a media das tres avaliacións sexa como mínimo un 5. Senón @